

PUBLICIDAD

No audiovisual distínguese 'O sabor das margaridas'

O programa Galego en Londres, elixido no apartado de proxección exterior

Comentar (0) Imprimir Enviar por correo



ECG | 28.11.2019

A- A+

Santiago. O Premio da Cultura Galega no audiovisual é para *O sabor das margaridas*, a primeira serie integramente en galego incluída no catálogo da plataforma Netflix. De seis capítulos, é unha produción de CTV, Comarex e TVG.

A evolución dos personaxes é un dos avais máis significativos. A estética e beleza das paraxes naturais galegas, as subtramas que debuxan paulatinamente o escenario final, os xiros de guiión inesperados, a sinxeleza dos diálogos e o nivel de intriga que conserva ata o final, manteñen o espectador pegado á pantalla.

A serie foi escrita por Ghaleb Jaber Martínez e os guionistas Eligio Montero e Raquel Arias. Dirixida por Miguel Conde, está protagonizada por María Mera, Tony Salgado, Miguel Ínsua e Ricardo de Barreiro, e conta coa colaboración especial de Nerea Barros.

Pola súa parte, o proxecto Galego en Londres, galardoado na categoría de proxección exterior, está desenvolvido por un grupo de alumnos de lingua e cultura galegas do Instituto Español Vicente Cañada Blanch de Londres, desde Primaria ata Bacharelato. Uns son nados en Galicia, outros galegos nados en Londres e outros queren saber máis de Galicia.

As súas actividades supoñen un gran pulo ao coñecemento da nosa cultura fóra do seu ámbito xeográfico que a enriquecen.

PUBLICIDAD



Lugo cambia

DEPUTACIÓN DE LUGO

LO + VISTO

- 01  A SILVEIRA de Kiko da Silva
- 02  Un restaurante de A Sionlla sofre tres asaltos en un mes
- 03  Fuegos artificiales y luces leds iluminarán el encendido navideño
- 04  Una aventura profesional en Santiago, fruto del amor
- 05  Galicia, de las que más gases de efecto invernadero emiten
- 06  "Inconscientemente, levamos toda a vida maridando a tapa de tortilla coa cervexa"
- 07  Cataluña, espías y propaganda